



## Bases reguladoras do I Concurso de doces “Nadal ao forno” do Concello de Santa Comba

### Introdución

Co propósito de promover os valores de concordia, socialización, altruísmo, interxeracionalidade e interculturalidade que queremos que definan estas festas, así como a importancia da nosa rica gastronomía, o **Concello de Santa Comba** convoca a primeira edición do **Concurso de doces “Nadal ao forno”**. Esta iniciativa busca tamén destacar o papel central que a cociña ocupa na nosa comunidade, sendo un nexo de unión nas reunións sociais, un sinónimo de fogar e unha portadora dos valores de tradición e tolerancia que tanto apreciamos.

Por todo o anterior, convidamos a toda a veciñanza a participar con ilusión e creatividade, para compartir un anaco da nosa cociña e cultura para celebrar estas datas tan especiais.

### Obxecto

O obxectivo do concurso é celebrar o Nadal a través da recuperación da realización de sobremesas caseiras típicas destas datas, para que todas as persoas amantes da repostería poida amosar as súas mellores creacións, inspiradas nunha época do ano na que as receitas doces adquiren un protagonismo especial.

### Temática

Os doces que se presenten deberán ser de elaboración propia e estar relacionados co Nadal, ben sexa polos ingredientes empregados ou a través da súa presentación.

Poderán presentarse receitas tradicionais ou innovadoras que recollan a esencia desta festividade.

### Participantes

Poderá participar calquera persoa que resida no Concello de Santa Comba e que non sexa profesional no campo da repostería. No caso das e dos menores de 18 anos que queiran participar, serán as ou os titoras/es legais os que teñan que formalizar a inscrición e outorgar a pertinente autorización, facéndose cargo como persoas responsables e acompañando a/o menor en todo momento.

Cada participante poderá presentar un único doce ao concurso, que deberá ser de elaboración propia e caseira.



## Lugar e data do concurso

O concurso celebrarase o día **15 de decembro de 2023** no **Baixo da Vivenda Comunitaria**, a partir das 16:30 horas.

## Requisitos do doce

O doce deberá ser de elaboración caseira, presentándose unha cantidade mínima de 20 unidades en casos de que se cociñen galletas, rolos, mantecados, figuras de mazapán ou similares. En caso de participar con tortas, bolos, cocas, roscóns, ou calquera outro doce que polo seu tamaño sexa susceptible de ser dividido en porcións, a cantidade mínima a presentar será de 12 racións, para a súa posterior degustación.

O doce poderá ser elaborado en frío ou ao forno e admitirase calquera tipo de receita que poida considerarse un doce típico de Nadal, tanto por ser considerada tradicional como pola súa presentación, independentemente da tradición gastronómica á que pertenza.

O doce deberá ser presentado completamente elaborado e listo para ser consumido; non se permitirán preparacións inacabadas.

## Presentación

Os doces presentaranse listos para degustar en perfectas condicións de consumo e en bandexa ou recipiente desbotable, o día 15 de decembro de 2024 no Baixo da Vivenda Comunitaria, entre as 16:30 e as 17:00 horas.

É obrigatorio que a persoa participante comunique a listaxe completa dos ingredientes empregados na elaboración do doce, co fin de previr posibles alerxias ou intolerancias alimentarias. Así, cada doce virá acompañado dunha nota onde figurarán os ingredientes e a preparación da receita.

No momento da recepción do doce asignaráselle un número. O xurado soamente coñecerá o número e non a identidade da persoa participante, que será desvelada no momento de asignación dos premios.



## Xurado, degustación e criterios de valoración

O xurado estará composto por persoas seleccionadas polo Concello, con experiencia ou sensibilidade no ámbito gastronómico e da repostería.

A degustación dos doces realizarase o mesmo 15 de decembro ao longo da celebración do baile da Asociación de Xubilados no Baixo da Vivenda Comunitaria. Unha vez finalizada a valoración dos doces por parte do xurado estes quedarán a disposición para ser consumidos polos asistentes.

Á hora de emitir o seu xuízo, o xurado terá en conta os seguintes aspectos:

**Sabor:** a calidade gustativa será o principal criterio.

**Presentación:** a creatividade e coidado na presentación do doce.

**Adecuación á temática:** que o doce reflicta o espírito do Nadal.

O fallo do xurado será inapelable e emitirse o mesmo día 15, no transcurso do baile dos maiores. A entrega de premios tamén terá lugar ao longo da tarde.

## Premios

Serán premiados aqueles que o xurado considere os tres mellores doces, atendendo ao seu sabor, orixinalidade e presentación.

Será imprescindible a presenza da persoa concursante tanto para recoller o premio que lle puidera corresponder. Se unha persoa gañadora non estivera presente no acto de entrega dos premios, o seu premio pasaría á seguinte persoa concursante con maior puntuación na listaxe emitida polo xurado.

## Inscrición

A inscrición será gratuíta e poderá realizarse ata o día **14 de decembro de 2024** mediante o formulario telemático habilitado na páxina web do concello, ou cubrindo o mesmo acudindo ao Departamento de Cultura.

## Aceptación das bases e outras consideracións

A participación neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases.

A organización resérvase o dereito a retirar calquera doce que considere que poida ser perigoso ou ofensivo.

Calquera incidencia non prevista nas presentes bases será resolta pola organización.



Para que o concurso se leve a cabo deberá haber un mínimo de cinco persoas inscritas.

As persoas participantes acceden a outorgar o permiso para que sexa recollida en fotografías e vídeos a imaxe das súas creacións, permitindo o seu posterior uso por parte do concello de Santa Comba. O concello resérvase o dereito de realizar a publicación non lucrativa tanto desas imaxes como das receitas dos doces recibidos, facendo mención ás persoas que os realizaron.

O Concello de Santa Comba tamén se reserva o dereito de modificar aspectos organizativos do concurso por razóns xustificadas, garantindo sempre a comunicación previa ás persoas participantes.

## **Finalidade do evento**

Este concurso non só é unha oportunidade para mostrar o talento culinario da nosa veciñanza, senón tamén para fortalecer os lazos que nos unen como comunidade, destacando a riqueza da diversidade cultural e o significado profundo das festas de Nadal.

Agardamos a vosa participación para que este evento sexa unha verdadeira celebración da amizade, a solidariedade e a creatividade.